

FILOCAFÉ

Do 7 de outubro de 2018 ao 7 de abril de 2019

Horario: de 18:30 a 20:00 h

Entrada libre e de balde

Coa chegada do outono estreamos unha nova edición do *Filocafé* no CGAC, coa colaboración da Asociación Galega da Crítica. A cita terá lugar o primeiro domingo de cada mes ás 18:30 horas (desde outubro ata abril) na Cantina do CGAC.

Os filocafés son conversas públicas nas que poden participar todas as persoas interesadas en intercambiar inquietudes ou puntos de vista desde calquera área ou nivel de coñecemento.

As sesións estarán dirixidas por profesionais de diversas disciplinas como Encarna Otero (curiosa para albiscar, galega feminista para mudar o mundo), Nicasio Gradaille (músico e profesor), Román Padín (especialista en museos e moda), Gena Baamonde (creadora e directora escénica) e Emma Pedreira (narradora e poeta).

A fórmula que propoñemos para os filocafés consiste en retirar dos almacéns unha obra de arte da Colección CGAC co fin de que esta sirva de acompañamento á conversa e propicie un debate ao seu redor. A peza elixida empregárase como punto de partida. Con todo, non só falaremos de arte senón tamén doutros asuntos que suxira a obra a nivel temático, conceptual, formal ou anecdótico. Podemos falar de ciencia, gastronomía, política, música, cine, estética, actualidade... cousas mundanas ou elevadas, de xeito que todas as persoas que o desexen poidan opinar e achegar as súas reflexións sobre os temas que vaian xurdindo de xeito espontáneo mentres gozan dun café.

PROGRAMA

7 de outubro. Encarna Otero, historiadora e política

2 de decembro. Nicasio Gradaille, profesor e músico

3 de febreiro. Román Padín, especialista en museos e moda

3 de marzo. Gena Baamonde, creadora e directora escénica

7 de abril. Emma Pedreira, narradora e poeta

ENCARNA OTERO (Santiago de Compostela, A Coruña, 1950). Defínese polos seus estudos en Francia, o seu traballo e vocación de ensinante, a súa militancia feminista, o seu traballo político no nacionalismo, o seu traballo acerca da historia das mulleres (no álbum de mulleres na comisión de igualdade do Consello da Cultura), a súa actividade na escrita, dous libros de contos ilustrados editados por Galaxia, o documental *A luz do negro*, sobre o traballo das mulleres no wolframio, e a súa condición de compostelá de vida e de corazón.

NICASIO GRADAILLE (Neda, A Coruña, 1964). Afincado en Vigo, onde é profesor no Conservatorio Superior de Música, é pianista e



Fotograma de *Coffee and Cigarettes* de Jim Jarmusch

Con la llegada del otoño estreamos una nueva edición del *Filocafé* en el CGAC, con la colaboración de la Asociación Gallega de la Crítica. La cita tendrá lugar el primer domingo de cada mes, a las 18:30 horas (desde octubre hasta abril) en la Cantina del CGAC.

Los filocafés son conversaciones públicas en las que pueden participar todas las personas interesadas en intercambiar inquietudes o puntos de vista, desde cualquier área o nivel de conocimiento.

Las sesiones estarán dirigidas por profesionales de diversas disciplinas, como Encarna Otero (curiosa para observar, gallega feminista para cambiar el mundo), Nicasio Gradaille (músico y profesor), Román Padín (especialista en museos y moda), Gena Baamonde (creadora y directora escénica) y Emma Pedreira (narradora y poeta).

La fórmula que proponemos para los filocafés consiste en retirar de los almacenes una obra de arte de la Colección CGAC, con el fin de que sirva de acompañamiento para la conversación y propicie un debate en torno a ella. La pieza elegida se empleará como punto de partida. Con todo, no solo hablaremos de arte, sino también de otros asuntos que sugiera la obra en el plano temático, conceptual, formal o anecdótico. Podemos hablar de ciencia, gastronomía, política, música, cine, estética, actualidad... cosas mundanas o elevadas, de manera que todas las personas que lo deseen puedan opinar y aportar sus reflexiones sobre los temas que vayan surgiendo de manera espontánea mientras disfrutan de un café.

PROGRAMA

7 de octubre. Encarna Otero, historiadora y política

2 de diciembre. Nicasio Gradaille, profesor y músico

3 de febrero. Román Padín, especialista en museos y moda

3 de marzo. Gena Baamonde, creadora y directora escénica

7 de abril. Emma Pedreira, narradora y poeta

ENCARNA OTERO (Santiago de Compostela, A Coruña, 1950). Se define por sus estudios en Francia, su trabajo y vocación docente, su militancia feminista, su trabajo político en el nacionalismo, su trabajo respecto de la historia de las mujeres (en el álbum de mujeres en la Comisión de Igualdad del Consello da Cultura), su actividad en la escrita, dos libros de cuentos ilustrados editados por Galaxia, el documental *A luz do negro*, sobre el trabajo de las mujeres en el wolframio, y su condición de compostelana de vida y de corazón.

NICASIO GRADAILLE (Neda, A Coruña, 1964). Residente en Vigo, donde trabaja como profesor en el Conservatorio Superior de Música, es pianista

membro fundador do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) de Santiago de Compostela. Obtivo o título de doutor na Universidade de Vigo cunha tese sobre o *Concert for Piano* de John Cage. Gravou para a Radio Galega as *Sonatas and Interludes* deste compositor norteamericano e impartiu seminarios sobre a súa obra para piano en diversos conservatorios europeos coma os de Gante, Leeds, Viena, Aveiro ou Londres (Royal College of Music). Interesado na música contemporánea, participou nos festivais Via Stellae (Santiago de Compostela), Semana do Corpus (Lugo), Espazos Sonoros (Ourense, Vigo e Sada), Semana de Música Religiosa (Cuenca) ou o Festival Internacional de Música y Danza (Granada). Gradaille foi galardoado co primeiro premio no Concurso Internacional Xavier Montsalvatge (Música para Piano do Século XX) de Girona e no Concurso Nacional Gregorio Baudot de Ferrol.

ROMÁN PADÍN OTERO (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1966). Licenciado en dereito e doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo coa tese "La articulación de la moda en el espacio museístico en el cambio de milenio". É profesor na Escola Superior de Moda de Galicia (ESDEMG) e no Máster en Deseño e Dirección Creativa en Moda da Universidade de Vigo. Colabora ademais en diversos xornais, suplementos e revistas especializadas, entre outros, "Faro da Cultura" do *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego*, *Mugalari*, *Gara*, *Serendipia* e *Artnotes*.

MULLERONA (GENA BAAMONDE) (Ribeira, A Coruña, 1970). Directora, actriz e creadora. Titulada en Dirección de Escena, cursou estudos de posgrao e ten un mestrado en Artes Escénicas. Na actualidade desenvolve a súa actividade como investigadora predoutoral na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, onde está a traballar nunha tese titulada "Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica contemporánea". Vinculada durante anos a Matarile Teatro, Teatro Galán e ao festival de danza *En Pé de Pedra*, funda a compañía María a Parva, onde dirixiu e escribiu o texto orixinal das obras *Mullerona*, *Xogo para nenas* e *Indignos*. Tamén foi asistente de dirección e dramaturxia en diversas montaxes de compañías coma o Centro Dramático Galego, Factoría, Disque Danza, A Artística, Helen Bertels ou Voadora. Vén de dirixir os espectáculos *Elisa* e *Marcela* para A Panadaría Teatro, *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos* para Matrioshka Teatro e *Nómades* para a compañía Xarope Tulú. Vai desenvolver o seu proxecto *Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos* dentro do programa *Residencias Paraíso* do colectivo RPM.

EMMA PEDREIRA (A Coruña, 1978). Licenciada en Filoloxía hispánica, é unha escritora en lingua galega. Forma parte da plataforma de crítica feminista A Segá. Como poeta está encadrada na coñecida como xeración dos noventa e a súa obra abrangue máis de dez títulos poéticos entre os que se atopan *s/t*, *O libro das mentiras* ou o recente *Antídoto*, publicado en edición bilingüe galego-castelán por Alvarellos Editora. En 2017, un dos poemas incluídos neste poemario foi considerado o Mellor Poema do Mundo e galardoado co Premio de Poesía Jovellanos. Como narradora cultiva as formas curtas, en libros de microrrelatos como *Corazón e demais tripas* ou *Bibliópatas e fobólogos*. Este último valeulle o Premio da Crítica Española no apartado de narrativa en lingua galega en 2018. Recibiu tamén o Premio Xerais de Novela por *Besta do seu sangue* e o Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño por *As voces ágrafas*, tres dos máis grandes galardóns das nosas letras.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

y miembro fundador del Taller Atlántico Contemporáneo (TAC), de Santiago de Compostela. Obtuvo el título de doctor en la Universidad de Vigo con una tesis sobre el *Concert for Piano* de John Cage. Grabó para la Radio Galega las *Sonatas and Interludes* de este compositor norteamericano y ha impartido seminarios sobre su obra para piano en diversos conservatorios europeos, como los de Gante, Leeds, Viena, Aveiro o Londres (Royal College of Music). Interesado en la música contemporánea, ha participado en los festivales Via Stellae (Santiago de Compostela), Semana del Corpus (Lugo), Espacios Sonoros (Ourense, Vigo y Sada), Semana de Música Religiosa (Cuenca) o el Festival Internacional de Música y Danza (Granada). Gradaille ha sido galardonado con el primero premio en el Concurso Internacional Xavier Montsalvatge (Música para Piano del Siglo XX), de Girona, y en el Concurso Nacional Gregorio Baudot, de Ferrol

ROMÁN PADÍN OTERO (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1966). Licenciado en derecho y doctor en Bellas Artes por la Universidad de Vigo, con la tesis "La articulación de la moda en el espacio museístico en el cambio de milenio". Es profesor en la Escuela Superior de Moda de Galicia (ESDEMG) y en el Máster en Diseño y Dirección Creativa en Moda, de la Universidad de Vigo. Colabora además en diversos periódicos, suplementos y revistas especializadas; entre otros, "Faro da Cultura" de *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego*, *Mugalari*, *Gara*, *Serendipia* e *Artnotes*.

MULLERONA (GENA BAAMONDE) (Ribeira, A Coruña, 1970). Directora, actriz y creadora. Titulada en Dirección de Escena, cursó estudios de posgrado y tiene un máster en Artes Escénicas. En la actualidad desarrolla su actividad como investigadora predoctoral en la Facultad de Bellas Artes de la Universidad de Vigo, donde está trabajando en una tesis titulada *Sexualidades des-xeneradas en la práctica escénica contemporánea*. Vinculada durante años a Matarile Teatro, Teatro Galán y al festival de danza *En Pé de Pedra*, funda la compañía María a Parva, donde dirigió y escribió el texto original de las obras *Mullerona*, *xogo para nenas* e *indignos*. También ha sido asistente de dirección y dramaturgia en diversos montajes de compañías como el Centro Dramático Gallego, Factoría, Disque Danza, A Artística, Helen Bertels o Voadora. Ha dirigido recientemente los espectáculos *Elisa* e *Marcela*, para A Panadaría Teatro; *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*, para Matrioshka Teatro, e *Nómades*, para a compañía Xarope Tulú. Va a desarrollar su proyecto *Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos* dentro del programa *Residencias Paraíso*, del colectivo RPM.

EMMA PEDREIRA (A Coruña, 1978). Licenciada en Filología hispánica, es una escritora en lengua gallega. Forma parte de la plataforma de crítica feminista A Segá. Como poeta se encuadra en la conocida como *Generación de los Noventa* y su obra abarca más de diez títulos poéticos, entre los que se encuentran *s/t*, *O libro das mentiras* o el reciente *Antídoto*, publicado en edición bilingüe gallego-castellano por Alvarellos Editora. En 2017, uno de los poemas incluidos en este poemario fue considerado el Mejor Poema del Mundo y galardonado con el Premio de Poesía Jovellanos. Como narradora cultiva las formas cortas, en libros de microrrelatos, como *Corazón e demais tripas* o *Bibliópatas e fobólogos*. Este último le valió el Premio de la Crítica Española en el apartado de narrativa en lengua gallega en 2018. Recibió también el Premio Xerais de Novela por *Besta do seu sangue* y el Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño por *As voces ágrafas*, tres de los más grandes galardones de nuestras letras.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC | 25 ANIVERSARIO
CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631/02 / cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal

AGC
ASOCIACIÓN GALEGA
DA CRÍTICA

 XUNTA
DE GALICIA

galicia